

# Convocatoria 2023/24 para a avaliación e o recoñecemento de proxectos de innovación educativa en aprendizaxe e servizo (APS) da Universidade da Coruña (UDC)

## 1. Definición de aprendizaxe e servizo

A aprendizaxe e servizo (en diante, APS) é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto en que as persoas participantes se forman traballando sobre as necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas, segundo se recolle no documento marco do programa de aprendizaxe-servizo na UDC, informado favorablemente en Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2017<sup>1</sup>. É unha actividade que integra o servizo e o compromiso comunitarios significativos coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de habilidades a partir da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado é que os proxectos de APS sempre responden aos resultados de aprendizaxe asociados a unha ou varias materias, co obxectivo de alcanzar determinadas competencias específicas da titulación en que se enmarca a dita materia. Doutro lado, a diferenza con algunhas prácticas é que debe estar presente un proceso reflexivo que xere unha conciencia crítica, que anime o estudantado a buscar unha sociedade máis xusta.

No contexto dos plans de estudo da Universidade da Coruña (UDC) poderase realizar unha proposta de APS no marco das diferentes materias de calquera titulación oficial ou título propio, incluídos o TFG e o TFM.

Valorarase positivamente que os proxectos inclúan a contribución da UDC para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS). Estes 17 obxectivos son parte da Axenda 2030, a través da cal os membros das Nacións Unidas se comprometen con tales principios básicos para abordar os desafíos globais que afrontamos a diario, como a pobreza, a desigualdade, o clima, a degradación ambiental, a prosperidade, a paz e a xustiza.

A **Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI)** abre esta convocatoria a todo o persoal docente e investigador (PDI) da UDC que realizara unha actividade de APS durante o curso académico 2023/24.

## 2. Composición dos proxectos de APS

Nos proxectos de APS poden participar persoas que pertencen a diferentes colectivos:

1. Un ou varios **docentes responsables** do proxecto de APS, que deben pertencer ao PDI da UDC e estar adscritos ao POD da materia (ou materias) na que se desenvolve o proxecto. Esixírase especificar a contribución de cada participante.
2. Un máximo de 4 **persoas colaboradoras** do proxecto de APS, que poden pertencer ou non á UDC, que teñan un rol relevante no desenvolvemento do proxecto e cuxa contribución sexa xustificada debidamente mediante probas gráficas e/ou documentais. Esixírase especificar a contribución de cada participante.

---

<sup>1</sup> [Documento marco do programa de Aprendizaxe Servizo na UDC](#)

3. **Estudantado** matriculado na materia (ou materias) na que se desenvolve o proxecto de APS e que participen no mesmo.
4. Persoal das **entidades** receptoras do servizo.

### 3. Obxecto

O propósito desta convocatoria é avaliar, recoñecer e incentivar aos **docentes responsables** e ás **persoas colaboradoras** dos proxectos de innovación educativa que empreguen a metodoloxía de APS para a transformación social, coa transversalización dos ODS, dentro do marco curricular da UDC.

### 4. Modalidades

Establécense tres modalidades de proxecto de innovación educativa en APS:

- A. Proxectos novos** que se desenvolveron por primeira vez durante o curso académico a avaliar.
- B. Proxectos de continuidade** que fosen avaliados positivamente en convocatorias anteriores e que manteñan:
  - a. O mesmo título, agás indicacións puntuais como, por exemplo, o curso no que se desenvolve o proxecto.
  - b. Polo menos unha das persoas docentes responsables.
- C. Proxectos no marco de títulos propios** que realizaron a súa actividade de APS no marco de títulos propios da UDC durante o curso académico a avaliar.

### 5. Requisitos

Poderán presentarse a avaliación os proxectos de innovación educativa en APS que cumpran **todos os requisitos** que se especifican a continuación:

1. Que foron realizados en colaboración con entidades con que se subscribiu un convenio de colaboración e se asinou o anexo ao convenio correspondente, salvo no caso de proxectos desenvolvidos dentro da propia UDC ou no caso de proxectos de sensibilización e educación para a cidadanía global que respondan a unha necesidade social de carácter xeral.
2. Que están claramente enmarcados no contexto curricular dunha ou varias materias e que contribuíron ao logro dos obxectivos e/ou as competencias que dita/s materia/s teñan asociados.
3. Que as súas persoas docentes responsables pertencen ao PDI da UDC e están vinculados durante o curso académico a avaliar:
  - a. ao plan de organización docente (POD) da/s materia/s en que se desenvolveu o proxecto, no caso de proxectos das modalidades A e B, ou ben
  - b. ao título propio en que se desenvolveu o proxecto, no caso da modalidade C.
4. Que integren o servizo e o compromiso comunitarios significativos coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de habilidades a partir da práctica reflexiva.

### 6. Comisión asesora de innovación docente en APS (CAID-APS)

1. A valoración dos proxectos será levada a cabo pola Comisión asesora de innovación docente en APS (CAID-APS), que contará cos seguintes membros:



- a. Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE.
  - b. Secretario/a: persoa do equipo técnico do CUFIE designada pola dirección do CUFIE.
  - c. Vogais:
    - i. Persoa encargada da dirección da OCV.
    - ii. Persoa do equipo técnico da OCV designada pola dirección da OCV.
    - iii. Cando menos dous membros do PDI da UDC que participasen nalgún proxecto de APS da UDC e que non presenten ningún proxecto na convocatoria actual. Estas persoas serán nomeadas pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a proposta das direccións do CUFIE e da OCV.
2. A composición da comisión publicarase na páxina web do CUFIE. De concorrer algunha causa que impidise actuar a algunha das persoas nomeadas, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización poderá nomear unha persoa suplente.

## 7. Presentación de solicitudes

Serán admitidos a avaliación os proxectos de innovación educativa en APS que cumpran **todos os requisitos** que se especifican a continuación:

1. **Prazo:** desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC **até as 23:45 horas do día 30/09/2024.**
2. **Lugar: exclusivamente a través do Rexistro Electrónico da Sede Electrónica da UDC<sup>2</sup>. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”.** Calquera documentación entregada por outras vías non será admitida excepto que fose previamente autorizada polo CUFIE.
3. **Forma: a solicitude será presentada pola persoa responsable do proxecto de innovación educativa en APS. No caso de proxectos con varias persoas docentes responsables, será presentado soamente por unha delas.**
4. **Documentación a presentar** (modelos dispoñibles para a súa descarga na páxina web do CUFIE):
  - a) **O anexo I debidamente cuberto e asinado electronicamente por todas as persoas docentes responsables do proxecto.** Debido ás restricións de espazo de almacenamento do rexistro electrónico, as evidencias xustificativas da realización do proxecto (fotografías, presentacións ou vídeos divulgativos, resultados de enquisas, actas de reunións etc.) serán incorporadas ó anexo correspondente mediante ligazóns ao OneDrive ou Sharepoint da persoa responsable. As ligazóns proporcionadas deberán estar accesibles a todo o persoal da UDC que dispoña da ligazón por un período dun ano (ou o máximo que permita a plataforma) e proporcionar permisos de lectura e descarga. Unha vez publicada a listaxe definitiva de proxectos avaliados, poderanse desactivar estas ligazóns.
  - b) Copia do anexo ao convenio de APS asinado, de ser o caso, pola/s entidade/s participante/s.
5. No caso de que participen persoas colaboradoras no proxecto de APS, as persoas docentes responsables **terán a obriga de:**

---

<sup>2</sup> [https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)

- a) **Informar do establecido nesta convocatoria a todas as persoas colaboradoras do proxecto.**
- b) **Recompilar e custodiar os consentimentos para a obtención e o tratamento dos datos persoais destas persoas. Cada una das persoas colaboradoras cubrirá e asinará, preferiblemente con sinatura electrónica, o modelo do anexo II de consentimento expreso, que estará dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE. Esta documentación poderase solicitar en calquera momento unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes.**

## 8. Período de avaliación

1. Admitiranse a avaliación os proxectos de APS desenvolvidos no curso académico 2023/24.
2. Excluíranse todos aqueles méritos que non estean comprendidos no período de avaliación e/ou que non se correspondan con accións de innovación educativa en APS implantadas nas titulacións oficiais da UDC (no caso das modalidades A e B) ou en títulos propios da UDC (no caso da modalidade C).

## 9. Revisión administrativa

1. O CUFIE revisará administrativamente todas as solicitudes recibidas e publicará, na Sede electrónica da UDC, a listaxe provisional de proxectos admitidos a valoración, e tamén os excluídos xunto coa causa correspondente. Contra esta listaxe poderase presentar unha reclamación, ante a persoa que dirixa o CUFIE, no prazo de **dez días hábiles**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional. **A dita reclamación presentárase exclusivamente a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da UDC. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”.**
2. Unha vez finalizado este prazo, o CUFIE revisará todas as reclamacións e publicará, na Sede electrónica da UDC, a listaxe definitiva de proxectos que serán sometidos a avaliación.
3. **Durante este proceso, e tamén durante a avaliación posterior, o CUFIE poderá solicitar os consentimentos expresos para o tratamento dos datos persoais de todas as persoas colaboradoras, de ser o caso.**

## 10. Valoración

Unha vez realizada a revisión administrativa das solicitudes presentadas, a CAID-APS procederá á súa avaliación e valoración. A avaliación farase de acordo aos criterios seguintes:

1. **Criterios obrigatorios:**
  - a) **Aprendizaxe.** As aprendizaxes adquiridas están relacionadas co currículo académico do estudantado. Xustifícase adecuadamente a contribución do proxecto á adquisición de competencias da materia ou as materias en que se enmarca. **Os proxectos da modalidade B non teñen que acreditar o cumprimento deste criterio porque xa foi acreditado coa súa primeira avaliación positiva.**

- b) **Xustificación do servizo.** Xustifícase adecuadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou ambiental previamente detectada e acordada entre as partes. **Os proxectos da modalidade B non teñen que acreditar o cumprimento deste criterio porque xa foi acreditado coa súa primeira avaliación positiva.**
- c) **Implicación do persoal docente (só no caso de proxectos de APS con máis dunha persoa docente).** Xustifícase debidamente a implicación do persoal docente responsable, que fai un seguimento continuo de todo o proceso co estudantado e coa entidade asociada e achegan evidencias.

## 2. Criterios complementarios:

- a) **Reflexión.** A planificación do proxecto ten en conta tarefas de reflexión sobre o impacto e a calidade do servizo que se realiza e presenta evidencias (diarios de campo, enquisas, valoracións individuais do alumnado recollidas nunha memoria ou un traballo...) que demostran os cambios nos coñecementos, as actitudes ou as habilidades das persoas participantes.
- b) **Avaliación interna do proxecto.** Planifícase a avaliación interna na formulación do proxecto. Recóllense evidencias da evolución do proxecto antes, durante e despois do seu desenvolvemento.
- c) **Impacto.** Número de entidades participantes, cantidade de estudantes implicados/as, número de persoas destinatarias do servizo, impacto social e ambiental de todos os axentes implicados, duración do proxecto, materias e docentes implicados/as etc.
- d) **Transversalización dos ODS no proxecto.** Desde o inicio do proxecto, téñense en conta os ODS mediante a orientación da planificación das súas actividades ao desenvolvemento deles.

## 3. Resultados da valoración.

Os proxectos deberán cumprir as condicións seguintes para teren a cualificación de apto:

- a) Proxectos de tipo A e C: deberán obter valoración positiva en todos os criterios obrigatorios e cando menos en dous dos criterios complementarios.
- b) Proxectos de tipo B: deberán obter valoración positiva en cando menos tres criterios complementarios.

## 11. Resolución

1. Unha vez valoradas as solicitudes presentadas, a CAID-APS publicará, na Sede Electrónica da UDC, a resolución provisional coa listaxe de proxectos avaliados e especificará, para cada un, se o resultado da valoración é apto ou non apto. Enviárase un informe xustificativo ás persoas docentes responsables dos proxectos valorados como non apto.
2. Contra esta resolución provisional poderase presentar unha reclamación ante a persoa que presida a CAID-APS no prazo de **dez días hábiles**, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional. **A dita reclamación presentárase exclusivamente a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da UDC. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”.**
3. Unha vez finalizado o prazo e analizadas as reclamacións, a CAID-APS fará pública a resolución definitiva na Sede Electrónica da UDC. Contra esta listaxe definitiva caberá interpor un recurso de

alzada ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social no prazo **dun mes**, que contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva na Sede Electrónica da UDC.

## 12. Recoñecemento

1. Unha vez publicada a resolución definitiva, o CUFIE recoñecerá documentalmente e de oficio a participación das persoas docentes responsables e das persoas colaboradoras para aqueles proxectos que foron avaliados positivamente.
2. A OCV, previa solicitude, recoñecerá documentalmente a participación do estudiantado e das entidades.

## 13. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que nos facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: Edificio Xoana Capdevielle, primeiro andar, campus de Elviña, 15071 A Coruña, teléfono +34 981167000, correo electrónico [administracion.cufie@udc.gal](mailto:administracion.cufie@udc.gal).

Mediante a concorrencia á « Convocatoria 2023/24 para a avaliación e o recoñecemento de proxectos de innovación educativa en aprendizaxe e servizo (APS) da Universidade da Coruña (UDC)», a persoa solicitante e, de ser o caso, as persoas colaboradoras que aparezan na solicitude correspondente:

- **autorizan** ao CUFIE e á OCV para a obtención e tratamento dos datos de contacto (nome, apelidos, enderezo de correo electrónico e número de documento de identidade (por exemplo, DNI ou pasaporte) e os méritos curriculares para efectos do establecido na presente convocatoria e a súa normativa reguladora.
- **autorizan** ao CUFIE e á OCV para o tratamento dos datos recompilados para a acreditación e recoñecemento da participación, resolución da convocatoria e para a realización de enquisas e elaboración de estatísticas con datos desagregados, coa finalidade da realización de memorias de calidade e acreditación dos resultados da actividade. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da referida convocatoria.
- **consenten expresamente** a publicación dos seus datos nas resolucións correspondentes, nos taboleiros físicos, na Sede Electrónica da UDC e nos sitios web do CUFIE e da OCV, na forma prevista pola disposición adicional sétima da LOPD.

Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coas citadas finalidades cumprirán co **deber de confidencialidade** establecido no artigo quinto da LOPD.



Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coas citadas finalidades, excepto no que se refire ao recoñecemento da participación e resultados da actividade, que serán conservados indefinidamente.

As persoas interesadas terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, excepto que o tratamento dos datos se xustifique nalgunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo sexto do RXPd no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso, as persoas interesadas terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Asemade, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos pódense exercer da maneira seguinte:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) no apartado «Outros trámites».
- Mediante unha solicitude remitida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC; Secretaría Xeral), presentada no enderezo postal: Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.
- Mediante unha solicitude á delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); tamén se poderá presentar unha solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## Anexo I. Modelo de solicitude e memoria para todas as modalidades

### Anexo I. Modelo de solicitud y memoria para todas las modalidades

#### Información importante / Información importante

É obrigatorio achegar copia do anexo ao convenio de APS asinado coas entidades receptoras do servizo, excepto nos casos en que non se esixa.

*Es obligatorio aportar copia del anexo del convenio firmado con las entidades receptoras del servicio, excepto en los casos en los que no se exija.*

É obrigatorio encher todos os apartados.

*Es obligatorio rellenar todos los apartados.*

## 1. Identificación e datos do proxecto / Identificación y datos del proyecto

### 1.1. Identificación e composición / Identificación y composición

<b>Modalidade (A, B ou C)</b> <i>Modalidade (A, B o C)</i>	
<b>Título</b> <i>Título</i>	
<b>Resumo (máximo 400 palabras)</b> <i>Resumen (máximo 400 palabras)</i>	
<b>Titulación</b> <i>Titulación</i>	
<b>Docentes responsables</b> <i>Docentes responsables</i>	
<b>Docentes que colaboran</b> (nome, apelidos, DNI, correo-e) <i>Docentes que colaboran</i> (nombre, apellidos, DNI, correo-e)	
<b>Materias do proxecto</b> <i>Asignaturas del proyecto</i>	
<b>Curso e cuadrimestre</b> <i>Curso y cuatrimestre</i>	
<b>Correo e teléfono de contacto</b> <i>Correo y teléfono de contacto</i>	

### 1.2. Datos do servizo / Datos del servicio

<b>Nome entidades receptoras do servizo</b> <i>Nombre entidades receptoras del servicio</i>	
<b>Número de estudantes</b> <i>Número de estudiantes</i>	
<b>Número persoas destinatarias do servizo</b> <i>Número personas destinatarias del servicio</i>	
<b>Necesidade atendida polo proxecto</b> <i>Necesidad atendida por el proyecto</i>	



Duración do proxecto <i>Duración del proyecto</i>	
ODS a que contribúe (enumerar soamente) <i>ODS a que contribuye (enumerar solamente)</i>	

### 1.3. Descrición breve do proxecto (máx. 400 palabras) / *Descripción breve del proyecto (máx. 400 palabras)*

Indica as necesidades sociais e/ou ambientais a que dá resposta o proxecto.

Indica las necesidades sociales y/o ambientales a las que da respuesta el proyecto.

### 1.4. Modificacións con respecto ao curso anterior (só proxectos tipo B)

#### *Modificaciones con respecto al curso anterior (sólo proyectos tipo B)*

**Só para os proxectos tipo B de continuidade**, explique brevemente se houbo modificacións ou cambios no proxecto con respecto ao curso anterior.

**Solo para los proyectos tipo B de continuidad**, explique brevemente si hubo modificaciones o cambios en el proyecto con respecto al curso anterior.

## 2. Memoria xustificativa

### 2.1. Criterios obrigatorios / *Criterios obligatorios*

#### 2.1.1. Aprendizaxe (só proxectos tipo A e C) / *Aprendizaje (solo proyectos tipo A y C)*

Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais especificadas na guía docente da materia (ou materias) en que se enmarca o proxecto. Relaciónense na seguinte táboa as evidencias que se corresponden con cada unha das accións.

*Contribución del proyecto a la adquisición de las competencias específicas, generales y transversales especificadas en la guía docente de la asignatura (o asignaturas) en que se enmarca el proyecto.*

*Relaciónense en la siguiente tabla las evidencias que se correspondan con cada una de las acciones.*

COMPETENCIAS DA MATERIA/COMPETENCIAS DE LA ASIGNATURA	CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO SEU LOGRO/CONTRIBUCIÓN DEL PROYECTO A SU LOGRO

#### 2.1.2. Xustificación do servizo (só proxectos tipo A e C) / *Justificación del servicio (solo proyecto tipo A y C)*

Xustifíquese adecuadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou ambiental previamente detectada e acordada entre as partes.



*Justifíquese adecuadamente que el servicio responde a una necesidad social o ambiental previamente detectada y acordada entre las partes.*

### 2.1.3. Implicación do persoal docente / Implicación del personal docente

É obrigatorio encher este apartado só no caso de que participen varias persoas docentes no proxecto.

*Es obligatorio cubrir este apartado solo en el caso de que participen varias personas docentes en el proyecto.*

ACTIVIDADE / ACTIVIDAD	DOCENTE ENCARGADO/A	EVIDENCIAS RELACIONADAS (LIGAZÓN/ENLACE)

## 2.2. Criterios complementarios / Criterios complementarios

### 2.2.1. Reflexión / Reflexión

Xustifíquese se se involucra ao alumnado en procesos críticos sobre as dimensións sociais do servizo e sobre o seu compromiso persoal co proxecto de ApS e coa sociedade.

*Justifíquese si se involucra al alumnado en procesos críticos sobre las dimensiones sociales del servicio y sobre su compromiso personal con el proyecto de ApS y con la sociedad.*

ACTIVIDADE / ACTIVIDAD	EVIDENCIAS RELACIONADAS (LIGAZÓN/ENLACE)

### 2.2.2. Avaliación interna do proxecto

Planifícase a avaliación na formulación do proxecto. Recóllense evidencias antes, durante e despois do desenvolvemento do mesmo. Xustifíquese se a entidade receptora do servizo e o alumnado participan activamente no proceso de avaliación do proxecto.

*Se planifica la evaluación en la formulación del proyecto. Se recogen evidencias antes, durante y después del desarrollo del mismo. Justifíquese si la entidad receptora del servicio y el alumnado participan activamente en el proceso de evaluación del proyecto.*

ACTIVIDADE / ACTIVIDAD	EVIDENCIAS RELACIONADAS (LIGAZÓN/ENLACE)

### 2.2.3. Impacto social e ambiental

Inclúanse as evidencias dos datos proporcionados: número de entidades participantes, cantidade de estudantes implicados/as, número de persoas destinatarias do servizo, impacto social e ambiental de todos



os axentes implicados, duración do proxecto, materias e docentes implicados/as etc. Inclúanse tamén datos de participación, niveis de satisfacción, reflexións dos axentes participantes, aspectos para mellorar, datos de actividades de difusión/celebración da experiencia etc.).

*Inclúyanse las evidencias de los datos proporcionados: número de entidades participantes, cantidad de estudiantes implicados/as, número de personas destinatarias del servicio, impacto social y medioambiental de todos los agentes implicados, duración del proyecto, materias y docentes implicados/as, etc. Inclúyanse también los datos de participación, los niveles de satisfacción, las reflexiones de los agentes participantes, los aspectos a mejorar, los datos de actividades de difusión/celebración de la experiencia, etc.*

ACTIVIDADE / ACTIVIDAD	EVIDENCIAS RELACIONADAS (LIGAZÓN/ENLACE)

#### 2.2.4. Transversalización dos ODS no proxecto / Transversalización de los ODS en el proyecto

Xustificación da contribución do proxecto ao logro dos ODS antes relacionados.

*Justificación de la contribución del proyecto al logro de los ODS antes relacionados.*

ACTIVIDADE / ACTIVIDAD	EVIDENCIAS RELACIONADAS (LIGAZÓN/ENLACE)

### 3. Presentación con finalidade divulgativa

Ligazón a unha presentación breve que explique, dun xeito visual, as características do proxecto.

Preferiblemente en formato PDF con licenciamiento CC para publicala no Repositorio Institucional da UDC ([Ver exemplos doutros anos](#)).

*Enlace a una presentación breve que explique, de forma visual, las características del proyecto.*

*Preferiblemente en formato PDF con licencia CC para publicarla en el Repositorio Institucional de la UDC ([Ver ejemplos de otros años](#)).*

LIGAZÓN Á PRESENTACIÓN / ENLACE A LA PRESENTACIÓN

## Anexo II. Modelo de consentimento para a obtención e tratamento de datos persoais polo CUFIE da UDC

### Anexo II. Modelo de consentimiento para la obtención y tratamiento de datos personales por el CUFIE de la UDC

#### 1. Identificación da actividade / Identificación de la actividad

<b>ID:</b>	<b>APS-2023-24</b>
<b>Denominación:</b> Denominación:	<b>Convocatoria 2023/24 para a avaliación e o recoñecemento de proxectos de innovación educativa en aprendizaxe e servizo (APS) da Universidade da Coruña (UDC).</b> Convocatoria 2023/24 para la evaluación y el reconocimiento de proyectos de innovación educativa en aprendizaje y servicio (APS) de la Universidade da Coruña (UDC).
<b>Tipo de participación:</b> Tipo de participación:	<input type="checkbox"/> Docente responsable / Docente responsable <input type="checkbox"/> Persoa docente colaboradora / Persona docente colaboradora <input type="checkbox"/> Persoa integrante da Comisión asesora de innovación docente en APS (CAID-APS) / Persona integrante de la Comisión asesora de innovación docente en APS (CAID-APS)
<b>Ano de inicio:</b> Año de inicio:	2023

#### 2. Datos da persoa que participa no proxecto

##### Datos de la persona que participa en el proyecto

**Non encher o título do proxecto no caso das persoas integrantes da CAID-APS.**

**No incluir el título del proyecto en el caso de las personas integrantes de la CAID-APS.**

<b>Título do proxecto:</b> Título del proyecto:	
<b>Apelidos:</b> Apellidos:	
<b>Nome:</b> Nombre:	
<b>DNI/Pasaporte:</b> DNI/Pasaporte:	
<b>Correo institucional:</b> Email institucional:	
<b>Institución:</b> Institución:	Universidade da Coruña (UDC)

#### 3. Sinatura (preferiblemente electrónica) / Firma (preferiblemente electrónica)

<b>Data:</b> <b>Fecha:</b>	
-------------------------------	--

Sinatura:

Firma:

## 4. Consentimento / consentimiento

### II.1 - 1. Versión en galego

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que nos facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: Edificio Xoana Capdevielle, primeiro andar, campus de Elviña, 15071 A Coruña, teléfono +34 981167000, correo electrónico [administracion.cufie@udc.gal](mailto:administracion.cufie@udc.gal).

Mediante a concorrencia á « Convocatoria 2023/24 para a avaliación e o recoñecemento de proxectos de innovación educativa en aprendizaxe e servizo (APS) da Universidade da Coruña (UDC)», a persoa solicitante e, de ser o caso, as persoas colaboradoras que aparezan na solicitude correspondente:

- **autorizan** ao CUFIE e á OCV para a obtención e tratamento dos datos de contacto (nome, apelidos, enderezo de correo electrónico e número de documento de identidade (por exemplo, DNI ou pasaporte) e os méritos curriculares para efectos do establecido na presente convocatoria e a súa normativa reguladora.
- **autorizan** ao CUFIE e á OCV para o tratamento dos datos recompilados para a acreditación e recoñecemento da participación, resolución da convocatoria e para a realización de enquisas e elaboración de estatísticas con datos desagregados, coa finalidade da realización de memorias de calidade e acreditación dos resultados da actividade. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da referida convocatoria.
- **consenten expresamente** a publicación dos seus datos nas resolucións correspondentes, nos taboleiros físicos, na Sede Electrónica da UDC e nos sitios web do CUFIE e da OCV, na forma prevista pola disposición adicional sétima da LOPD.

Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coas citadas finalidades cumprirán co **deber de confidencialidade** establecido no artigo quinto da LOPD.

Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coas citadas finalidades, excepto no que se refire ao recoñecemento da participación e resultados da actividade, que serán conservados indefinidamente.

As persoas interesadas terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, excepto que o tratamento dos datos se xustifique nalgunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo sexto do RXPd no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso, as persoas interesadas terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao

tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Asemade, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos pódense exercer da maneira seguinte:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) no apartado «Outros trámites».
- Mediante unha solicitude remitida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC; Secretaría Xeral), presentada no enderezo postal: Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.
- Mediante unha solicitude á delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); tamén se poderá presentar unha solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## II.1 - 2. Versión en castellano

De acordo con el artículo 13 del Reglamento (UE) 2016/679, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos (reglamento general de protección de datos o RXPd), y del artículo 11 de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales (LOPD), informamos de que los datos que nos facilite mediante la concurrencia a esta convocatoria serán tratados bajo la responsabilidad del Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) de la Universidad de A Coruña (UDC), cuyos datos de contacto son: Edificio Xoana Capdevielle, primer piso, campus de Elviña, 15071 A Coruña, teléfono +34 981167000, correo electrónico [administracion.cufie@udc.gal](mailto:administracion.cufie@udc.gal).

Mediante la concurrencia a la « Convocatoria 2023/24 para la evaluación y el reconocimiento de proyectos de innovación educativa en aprendizaje y servicio (APS) de la Universidade da Coruña (UDC)», la persona solicitante y, en su caso, las personas colaboradoras que aparezcan en la solicitud correspondiente:

- **autorizan** al CUFIE y a la OCV para la obtención y tratamiento de los datos de contacto (nombre, apellidos, dirección de correo electrónico y número de documento de identidad (por ejemplo, DNI o pasaporte) y los méritos curriculares a efectos de lo establecido en la presente convocatoria y su normativa reguladora.
- **autorizan** al CUFIE y a la OCV para el tratamiento de los datos recopilados para la acreditación y reconocimiento de la participación, resolución de la convocatoria y para la realización de encuestas y elaboración de estadísticas con datos desglosados, con la finalidad de la realización de memorias de calidad y acreditación de los resultados de la





actividad. La finalidad del tratamiento de estos datos personales es la resolución de la referida convocatoria.

- **consienten expresamente** la publicación de sus datos en las resoluciones correspondientes, en los tablones físicos, en la Sede Electrónica de la UDC y en los sitios web del CUFIE y de la OCV, en la forma prevista por la disposición adicional séptima de la LOPD.

Todas las personas que tengan acceso a estos datos con las citadas finalidades cumplirán con el **deber de confidencialidad establecido en** el artículo quinto de la LOPD.

Los datos se tratarán durante el tiempo imprescindible para cumplir con las citadas finalidades, excepto en lo que se refiere al reconocimiento de la participación y resultados de la actividad, que serán conservados indefinidamente.

Las personas interesadas tendrán derecho a retirar su consentimiento en cualquier momento, sin efectos retroactivos, excepto que el tratamiento de los datos se justifique en alguna de las otras bases de legitimación contempladas en el artículo sexto del RGPD en el que respecta al tratamiento de datos personales. En cualquier caso, las personas interesadas tendrán derecho a solicitar a la persona responsable del tratamiento, en cualquier momento, el acceso, la rectificación o supresión de sus datos personales y la limitación de su tratamiento. También tendrán derecho a oponerse al tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interés público y/o ejercicio de poder público, la portabilidad de sus datos. Al mismo tiempo, tendrán derecho a no ser objeto de decisiones individuales automatizadas, incluida la elaboración de perfiles. Estos derechos pueden ejercer de la manera siguiente:

- Prioritariamente, a través del formulario para el ejercicio de los derechos en materia de protección de datos personales, que puede cubrir en la Sede Electrónica de la UDC (<https://sede.udc.gal>) en el apartado «Otros trámites».
- Mediante una solicitud remitida a la persona responsable del tratamiento de los datos (UDC; Secretaría General), presentada en la dirección postal: Rectoría de la Universidad de A Coruña, calle de la Maestranza 9, 15001 A Coruña, o bien al correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); también podrá presentarse la solicitud a través del registro telemático de la Sede Electrónica de la UDC o en los registros presenciales de la UDC. La solicitud estará firmada y se acompañará del DNI.
- Mediante una solicitud a la delegada de Protección de Datos, al mismo domicilio postal anteriormente indicado, o al correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); también podrá presentarse una solicitud a través del registro telemático de la Sede Electrónica de la UDC o en los registros presenciales de la UDC. La solicitud estará firmada y se acompañará del DNI.

Asimismo, las personas interesadas tendrán derecho a presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos (AEPD).